




RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA PROFESIONAL: 14ª CONVOCATORIA REXP 2021 (TR305A), COFINANCIADA POLO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020



ENTREGA DE ACREDITACIÓNS E CERTIFICADOS: 13ª CONVOCATORIA REXP 2020



DIFUSIÓN PROCEDEMENTO REXP



EXPEDICIÓN

**CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE
CERTIFICACIÓNS GASES FLUORADOS**



**PROBAS DE AVALIACIÓN EN
COMPETENCIAS CLAVE (TR306A)**

OUTROS ESTUDOS E INFORMES:

- PROFESIÓN REGULADAS
- GUÍA DAS OCUPACIÓNS
- INFORME ANÁLISE MERCADO LABORAL COVID 19
- INFORME A MULLER NO MERCADO DE TRABALLO

<https://empregoeigualdade.xunta.gal/formacion>

Autor: Instituto Galego das Cualificacións. D.X. de Formación e Colocación
Consellería de Emprego e Igualdade

Recoñecemento da Experiencia Profesional REXP 2021 (FASES)

GALICIA ACREDITA O TEU FUTURO

[empregoeigualdade.xunta.gal/
formacion/reconecemento-
experiencia-profesional](http://empregoeigualdade.xunta.gal/formacion/reconecemento-experiencia-profesional)

REXP recoñecemento
da experiencia
profesional

FASE 1: INSCRICIÓN



FASE 2: ASESORAMENTO



FASE 3: AVALIACIÓN



FASE 4: ACREDITACIÓN



CERTIFICADO OFICIAL



CONVOCATORIA REXP 2021

A Consellería de Emprego e Igualdade publicou unha convocatoria do Procedemento REXP de recoñecemento da experiencia profesional para o ano 2021, que corresponde ao número 14 das que esta consellería leva realizando desde o ano 2011, centrándose en determinados ámbitos profesionais e convocando un total de:

- 7 Cualificacións profesionais
- 1.209 Prazas convocadas
- 4.140 Unidades de competencia

Publicación da 14ª convocatoria

ORDE do 23 de decembro de 2020, pola que se realiza a convocatoria pública para o ano 2021 do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

DOG núm. 8, do 14 de xaneiro de 2021

Inscripción dende :15/01/2021 ata: 11/02/2021



Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 8

Xoves, 14 de xaneiro de 2021

Páx. 1885

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

ORDE do 23 de decembro de 2020 pola que se realiza a convocatoria pública para o ano 2021 do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais (código de procedemento TR305A).

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten como finalidade a creación dun Sistema nacional de cualificacións e formación profesional. Un dos fins deste sistema nacional é avaliar e acreditar oficialmente a cualificación profesional, calquera que sexa a forma da súa adquisición. O artigo 4.1.b) establece que un dos instrumentos para iso é un procedemento de recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro das cualificacións profesionais.

Mediante o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das compe-

REXP 2021

Publicación da 14ª convocatoria

Nesta 14ª convócanse un total de 1.209 prazas en 7 cualificacións profesionais, todas elas xa convocadas previamente en anos anteriores, co fin de seguir respondendo ás expectativas das persoas que aínda están interesadas en acreditarse nestas cualificacións.

Esta demanda derívase principalmente do feito de que case todas as cualificacións profesionais correspóndense con profesións reguladas, nas que se esixe o certificado de profesionalidade como un dos requisitos necesarios para poder exercer a profesión.

CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS

Prazas

Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSC089_2)

325

Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSC320_2)

225

Socorrismo en espazos acuáticos naturais (AFD340_2)

150

Socorrismo en instalacións acuáticas (AFD096_2)

150

Servizos para o control de pragas (SEA028_2)

47

Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural (SEA129_2)

150

Vixilancia e seguridade privada (SEA029_3)

162

A 14ª Convocatoria estase a desenvolver ao longo do ano 2021:

- A fase de **Inscripción** e admisión de solicitudes realizouse entre xaneiro e abril
- A fase de **Asesoramento** comezou en febreiro e finalizou en xullo.
- A fase de **Avaliación** estase a realizar dende febreiro ata decembro.

Actualmente está finalizado todo o proceso de inscrición, asesoramento e avaliación en 2 cualificacións profesionais: Servizos para o control de pragas e Vixilancia e Seguridade Privada.

No resto de cualificacións está finalizado o asesoramento e atópanse todas en fase de avaliación, que rematará en todo caso dentro do ano 2021.

Convocatoria REXP 2020

Resumo de resultados

Na 13ª convocatoria realizada e finalizada no ano 2020 convocáronse un total de 11 cualificacións profesionais. Finalmente ofertáronse 1.800 prazas para un total de 6.475 unidades de competencia. Solicitaron participar na convocatoria un total de 1.831 persoas. Destas, cumprían os requisitos establecidos pola normativa, relativos a anos de experiencia e/ou formación non formal, un total de 1.092 persoas. Finalizaron as fases de avaliación e asesoramento un total de 841 persoas; 488 persoas, xa teñen o seu certificado de profesionalidade obtido a través do REXP e 291 persoas, obtiveron acreditacións parciais de unidades de competencia. Só o 7 % das persoas candidatas avaliadas non lograron ningunha acreditación oficial.

Cualificacións profesionais	Prazas	Solicitudes	Admitidos	Persoas avaliadas	Certificado de profesionalidade	Acreditacións parciais
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	300	346	180	147	97	36
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	250	209	152	96	58	30
Confección e mantemento de artes e aparellos	75	33	24	24	24	0
Servizos para o control de pragas	75	186	75	56	39	8
Socorrismo en instalacións acuáticas	200	120	71	53	22	26
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	200	65	28	13	8	3
Extinción de incendios e salvamento	150	113	87	67	52	12
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural	150	177	125	105	53	42
Docencia da Formación Profesional para o emprego	100	115	50	34	17	14
Vixilancia e seguridade privada	150	250	150	121	48	66
Instrucción en loga	150	217	150	125	70	54
TOTAIS	1.800	1.831	1.092	841	488	291

Convocatorias REXP finalizadas: 2011-2020

Resumo de resultados

Nas 13 convocatorias realizadas e finalizadas entre 2011 e 2020 convocáronse un total de **21 cualificacións profesionais**. Finalmente ofertáronse **19.561 prazas**. Nestas 13 convocatorias un total de **34.624 persoas** solicitaron participar (moitas máis das prazas ofertadas). Destas, cumprían requisitos e foron seleccionadas (en función do baremo establecido por tempo de experiencia e formación) case a metade, un total de **18.197** persoas. Destas seleccionadas, finalizaron o asesoramento coa avaliación un total de **15.007** persoas, das que un **60,41%**, **9.285** persoas, xa teñen o seu certificado de profesionalidade obtido a través do REXP e un **34,05%**, **4.890** persoas, obtiveron acreditacións parciais de unidades de competencia.

Cualificacións profesionais	Prazas convocadas	Solicitudes presentadas	Candidatos Seleccionados	Finalizaron asesoramento e avaliación	Obteñen Certificados Profesionalidade	Acreditacións Parciais de Unidades
Atención sociosanitaria a personas no domicilio	5922	12085	6127	5172	3543	1352
Atención sociosanitaria a personas dependentes en institucións sociais	4610	8751	4785	3963	2351	1397
Confección e mantemento de artes e aparellos	595	441	383	365	357	1
Operacións básicas de restaurante e bar	100	141	92	73	73	0
Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial	182	116	53	42	36	6
Soldadura	58	71	66	44	34	9
Cubertas inclinadas (UCs lousa)	50	58	38	36	33	3
Servizos para o control de pragas	698	1233	697	550	424	56
Xestión de servizos para o control de pragas	225	316	190	160	105	42
Socorrismo en instalacións acuáticas	2141	3969	1827	1398	596	713
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	1756	2651	1168	973	483	451
Información xuvenil	250	311	199	180	163	17
Transporte sanitario	200	96	42	27	12	14
Operacións auxiliares de fabricación mecánica	100	12	8	6	6	0
Tanatopraxia	600	1016	672	554	154	320
Aproveitamentos forestais	100	67	35	28	0	26
Extinción de incendios e salvamento	912	1513	832	687	592	86
Docencia da Formación para o emprego	200	249	124	73	29	40
Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio no medio natural e rural	562	1051	539	430	176	237
Vivilancia e seguridade privada	150	250	150	121	48	66
Instrucción en loga	150	217	150	125	70	54
TOTAIS	19561	34.624	18.197	15.007	9.285	4.890

Entrega de Acreditacións e Certificados REXP 2020

No ano 2021 entregáronse por parte da Consellería de Emprego e Igualdade as acreditacións e certificados de profesionalidade expedidos ás persoas candidatas que superaron a avaliación do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais desenvolvido na 13ª convocatoria do ano 2020.

Así mesmo, remitíronse a un total de 488 persoas os seus certificados de profesionalidade obtidos en 2020 e a outras 291 persoas, que non completaron o certificado, tamén se lle remitiron as súas acreditacións parciais de unidades de competencia, para que nun futuro podan completar o certificado de profesionalidade correspondente, ben por esta vía do recoñecemento da experiencia ou cursando os correspondentes módulos da formación profesional para o emprego.

Así pois, as persoas participantes na convocatoria do procedemento de recoñecemento da competencia profesional do ano 2020 que acadaron finalmente unha acreditación oficial foron 779, que no seu conxunto conseguiron que se lles expediran a acreditación dun total de 1.998 de unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.



DIFUSIÓN PROCEDEMENTO REXP

Impulsar á difusión da información relativa ao procedemento de recoñecemento da experiencia segue a ser necesario para que este procedemento sexa máis coñecido e deste xeito promover que os seus beneficios e oportunidades se estendan ás persoas, ás empresas e tamén ás propias administracións xa que supón poñer en valor e “oficializar” o que as persoas xa saben (coñecementos) saben desenvolver (capacidades) e saben estar (actitudes.)

Por iso a información xeral sobre o recoñecemento da experiencia, así como a relativa ás convocatorias anuais quérese facer chegar a todas as posibles persoas interesadas e potenciais beneficiarias do mesmo: todo o colectivo de persoas traballadoras, tanto as actualmente ocupadas como as desempregadas, así como xoves e adultos que se forman pola súa conta, fóra das canles oficiais.

Este ano continuáronse reforzando as campañas de difusión sobre o recoñecemento da competencia profesional. Os medios de difusión empregados para facer chegar a información foron:


WEB INSTITUCIONAL

Instituto Galego das Cualificacións
Consellería de Emprego e Igualdade




<https://emplegoeigualdade.xunta.gal/formacion/reconecemento-experiencia-profesional>

Portal de Emprego Servizo Público de Emprego de Galicia



<https://emplego.xunta.gal/portal/es/11-demandantes/demandantes-sp/406-validacion-de-la-formacion-y-experiencia-certificado-profesional.html>

DIFUSIÓN EN REDES DE COMUNICACIÓN



- Noticias en “Actualidade da Xunta” na web da Xunta de Galicia.
- Difusión REXP Intranet Orientadores Servizo Público de Emprego
- Difusión REXP Intranet Oficinas de Emprego de Galicia.
- Difusión REXP LinkedIn do Servizo Público de Emprego

inscríbete!

rExp
ACREDITA A TÚA
EXPERIENCIA
DE XEITO OFICIAL

XUNTA DE GALICIA

tes
**EXPERIENCIA
PROFESIONAL**
pero non tes
un título?

VANTAXES
acreditación oficial
válida en todo o Estado
convalidacións e extensións
en formación oficial

REXP
agora obter
o teu
**CERTIFICADO DE
PROFESIONALIDADE**
é moi sinxelo

DIFUSIÓN PROCEDEMENTO REXP

DIFUSIÓN EN CENTROS E ENTIDADES DE FORMACIÓN E EMPREGO



Centro FPO de Ferrol



CIFP Santiago de Compostela



CIFP Sª Mª de Europa



CIFP de Coia-Vigo



CIFP de Lugo

- Consello Galego de Formación profesional
- Axentes Sociais (CEG, UXT, CC.OO., CIG, etc.)
- Instituto Nacional de Cualificacións
- Servicio Publico de Empleo Estatal
- Xefaturas territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade
- Servizos de Formación en Xefaturas Territoriais da Consellería.
- Centros propios de Formación Profesional para o Emprego
- Rede de centros e entidades acreditadas de formación para o emprego
- Oficinas de Emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia

Este ano 2021 levouse a cabo unha actualización do tarxeta informativa REXP, que se publica en versión dixital en diversas páxinas web, así como en versión impresa que se distribúe nos centros de formación, oficinas de emprego, etc.

REXP

recoñecemento da experiencia profesional

¿Para que é o recoñecemento?

Para que as persoas que teñen experiencia e/ou formación non oficial, a través dun proceso de asesoramento e avaliación, poidan obter unha acreditación oficial, de ámbito estatal, con efectos:

Profesionais: acceso e promoción no emprego, e
Académicos: validación de módulos da FP inicial e/ou da FP para o emprego (desempregados e ocupados).

¿Quen pode obter o recoñecemento?

As persoas con **experiencia laboral**: polo menos 3 anos, con mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos 10 anos. Para as unidades de competencia de nivel I polo menos 2 anos de experiencia laboral con mínimo de 1.200 horas traballadas en total, nos últimos 10 anos, e/ou

As persoas con **formación non formal**: polo menos 300 horas, nos últimos 10 anos. Para as unidades de competencia de nivel I un mínimo de 200 horas nos últimos 10 anos.

Dirixindo a súa solicitude á **Consellería de Emprego e Igualdade**.

¿Como obter o recoñecemento?

É necesario **inscribirse** no procedemento de recoñecemento da competencia profesional: código do procedemento TR395A.

Tras a publicación da convocatoria no DOG e no BOE, as persoas interesadas deberán presentar solicitude, no prazo indicado, acompañada do seu currículo (modelo europeo) e toda documentación justificativa da súa experiencia e/ou formación.

Poderán presentar esta documentación en calquera oficina de rexistro da Xunta de Galicia, do Portelo Único ou por calquera das formas previstas na Lei de procedemento administrativo.

Fases do procedemento de recoñecemento da competencia profesional

ASESORAMENTO

Fin: Axudarlles ás persoas a autoavaliar a súa competencia e completar o seu historial profesional e formativo.

Como: Haberá unha reunión grupal e entrevistas individuais.

A quen: Ás persoas que fosen admitidas no procedemento.

Por quen: Un asesor, que será un experto profesional ou docente na materia.

Onde: Nos centros que se indicarán na convocatoria.

Resultado: O asesor proporcionarlle a cada persoa un informe orientativo e, de ser o caso, un plan de formación.

AVALIACIÓN

Fin: Comprobar a competencia profesional das persoas.

Como: A través de distintos métodos e actividades de avaliación, que poderán ser: entrevistas profesionais, simulacións, probas de competencia, observación no posto de traballo, etc.

A quen: Ás persoas que, tras o asesoramento, decidan pasar á fase de avaliación.

Por quen: Unha comisión de avaliación, de polo menos 5 persoas, expertos profesionais ou docentes na materia.

Onde: Nos centros de formación ou empresas que se determinen.

Resultado: A comisión comunicarlle a cada candidato os resultados da avaliación (competencia demostrada ou non demostrada) e un plan de formación.

ACREDITACIÓN

Fin: Recoñecer, mediante un documento oficial, os coñecementos e capacidades das persoas e conseguir un certificado de profesionalidade

Como: A Administración expediralle a cada persoa unha acreditación parcial acumulable da/s unidade/s de competencia superadas.

A quen: Ás persoas que obtiveron avaliación positiva.

Por quen: Por parte da Consellería de Emprego e Igualdade.

Resultado: Acreditación das unidades de competencia e posibilidade de completar un certificado de profesionalidade e/ou un título de FP.

ONDE OBTEN INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN xeral sobre o procedemento: fases, requisitos, documentación, calendarios, sedes, etc.

• Nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

• As xefaturas territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade

• Nos centros propios de Formación Profesional para o Emprego da Consellería de Emprego e Igualdade

• Na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade: <https://empregoeigualdade.xunta.gal/formacion/recoñecemento-experiencia-profesional>

• No Instituto Galego das Cualificacións, tel: 981 546 840.



Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



EXPEDICIÓN CERTIFICACIÓNS PROFESIONAIS

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

Na disposición transitoria primeira do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade establécese o seguinte:

Os traballadores que completasen ou completen con avaliación positiva a formación asociada a un certificado de profesionalidade poderán solicitar que lles sexa expedido o correspondente certificado, sempre que dita formación sea realizada durante a vixencia do real decreto que regule este.

A ORDE do 12 de febreiro de 2019 pola que se establece o procedemento de expedición de certificados de profesionalidade e acreditacións parciais acumulables. (DOG 12/03/2019) desenvolve para a CA de Galicia esta normativa básica estatal.

No ano 2020 recibíronse 5.841 solicitudes de certificados de profesionalidade, dos cales foron concedidos 5.026 certificados completos e 689 acreditacións parciais de Unidades de Competencia. Denegáronse 288 solicitudes por non cumprir os requisitos legais establecidos.

Neste ano 2021 ata a actualidade lévanse recibidas 4.211 solicitudes, das cales 1.689 xa están concedidas, atopándose o resto en estado de tramitación.

O número total de certificados de profesionalidade concedidos ata o mes de setembro ascende a 4.390, correspondendo a solicitudes presentadas en 2021 e tamén solicitudes de anos anteriores que quedaron en tramitación.



CERTIFICACIÓNS PERSOAIS GASES FLUORADOS

En febreiro de 2017 publicouse o Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regulan as certificacións dos profesionais necesarias para os que empregan gases fluorados.

O Decreto 100/2011, do 19 de maio, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regula a distribución de competencias en materia de expedición destas certificacións e establece a competencia da consellería con competencias en materia de traballo, neste caso a Consellería de Emprego e Igualdade, para a expedición de certificados persoais, cando a certificación se obteña como consecuencia da obtención dun certificado de profesionalidade, así como o mantemento dun rexistro actualizado dos certificados expedidos.

Durante o ano 2020 rexistráronse un total de 90 novas solicitudes, das cales 78 foron certificacións persoais concedidas, 3 foron solicitudes denegadas, e a 9 requiríuselles documentación ou foron trasladadas.

Ademais levouse a cabo a comprobación e xestión de 319 xustificacións achegadas por profesionais xa habilitados, de ter realizado o curso de formación complementaria que lle permite seguir traballando, en aplicación do establecido na disposición adicional décima do Real decreto 115/2017.

Ata o mes de setembro deste ano 2021 recibíronse 139 solicitudes e lévanse concedidos un total de 96 certificacións persoais para a manipulación de gases fluorados.

A maiores levouse a cabo a comprobación e xestión de 320 xustificacións relativas á formación complementaria, achegadas por profesionais xa habilitados.



TR307A - Solicitud de certificación persoal para a manipulación de gases fluorados

ED321A - Certificación persoal na manipulación de gases fluorados



CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Xacobeo 21-22

A Consellería Áreas Para ti Axudas e subvencións

Áreas - Formación - Gases fluorados

Gases fluorados

As consellerías competentes na expedición dos certificados persoais son a Consellería de Emprego e Igualdade e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, mentres que os certificados de empresa os expide a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

A norma de referencia é o Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os empregan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolvan actividades que emitan gases fluorados (DOG núm. 42, do 18 de febreiro de 2017).

En Galicia, as competencias relacionadas co RD 115/2017 distribúense mediante o Decreto 100/2011, do 19 de maio, polo que se regula a distribución de competencias en materia de expedición de certificados para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipos baseados neles (DOG núm. 105, de 1 de xuño).

Ligazóns relacionadas

- Registro de certificados para a manipulación de gases fluorados

Normativas relacionadas

- Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os empregan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolvan actividades que emitan gases fluorados. Texto consolidado
- Orde FRA/905/2017, de 21 de setembro, polo que se modifican os anexos I e II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os empregan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolvan actividades que emitan gases fluorados. Texto consolidado
- Decreto 100/2011, do 19 de maio, polo que se regula a distribución de competencias en materia de expedición de certificados para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles

15ª convocatoria das probas de avaliación en competencias clave

O 5 de marzo de 2021 publicouse, no *Diario Oficial de Galicia* número 44, a Resolución do 26 de febreiro de 2021, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de niveis 2 e 3 de cualificación (código de procedemento TR306A).

Estas probas diríxense ás persoas que non posúen os requisitos de formación regrada (ESO para o nivel 2 ou Bacharelato para o nivel 3) requiridos para o acceso ás accións formativas dos certificados de profesionalidade.

QUE SON OS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE?	Son cursos que proporcionan unha acreditación oficial, con validez en toda España, e facilitan o acceso ao mercado laboral.
CALES SON OS REQUISITOS PARA CURSAR CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE?	Para os certificados de nivel 1: non hai requisitos. Para os certificados de nivel 2: ESO ou cualificacións equivalentes. Para os certificados de nivel 3: Bacharelato ou cualificacións equivalentes.
PARA QUE SERVEN AS COMPETENCIAS CLAVE?	Para permitir o acceso aos certificados de profesionalidade ás persoas que non posúen a educación requirida. De non ter a ESO ou formación equivalente, tes que aprobar as competencias clave de nivel 2. De non ter o Bacharelato ou formación equivalente, tes que aprobar as competencias clave de nivel 3.
CALES SON AS COMPETENCIAS CLAVE?	Matemáticas, Lingua castelá, Lingua galega e Lingua estranxeira.
COMO PODO OBTENIR AS COMPETENCIAS CLAVE?	- Realizando un curso en competencias clave. - Superando as probas de competencias clave que convoca o Instituto Galego das Cualificacións unha vez ao ano.
EN QUE CONSISTEN AS PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVE?	A persoa participante terá que realizar un exame de cada unha das competencias clave nas que realizou a inscrición. De superar con éxito as probas, expediráselle un documento acreditativo.
COMO PODO ANOTARME ÁS PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVE?	A convocatoria anual publícase no DOG no primeiro trimestre do ano e as probas son realizadas polo mes de maio. A inscrición realízase a través do formulario TR306A e presentárase na sede electrónica de Xunta de Galicia ou por calquera das formas previstas na Lei de procedemento administrativo.

Resultados das probas

Houbo 2.681 solicitudes para realizar un total de 10.801 probas. Como é habitual, as competencias clave máis demandadas foron as de Matemáticas, Lingua castelá e Lingua galega de nivel 2.

A porcentaxe de persoas que acadan a cualificación de apta sitúase nun 67 % para o conxunto das probas de nivel 2 e nun 62% nas probas de nivel 3.

COMPETENCIAS CLAVE	NIVEL 2			NIVEL 3		
	PERSONAS PRESENTADAS	PERSONAS APROBADAS	% PERSONAS APROBADOS	PERSONAS PRESENTADAS	PERSONAS APROBADAS	% PERSONAS APROBADOS
Galego	1.025	607	59%	318	203	64%
Castelán	1050	827	79%	329	259	79%
Matemáticas	1062	856	81%	330	217	66%
Inglés	565	208	37%	244	74	30%
TOTAIS	3.702	2.498	67%	1.221	753	62%


PROFESIÓN REGULADA (actualización xuño 2021)

Análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos certificados de profesionalidade das distintas familias profesionais

Neste informe, de revisión permanente, o Instituto Galego das Cualificacións presenta un inventario, así como unha análise pormenorizada que pode servir de información de consulta aos profesionais do emprego e formación que necesiten orientar sobre as formas de obter unha habilitación profesional. Por outra banda, a vinculación existente entre estas habilitacións e a formación adquirida a través dun certificado de profesionalidade xustifica a información engadida, de ser o caso, sobre a relación directa ou indirecta destes coa obtención dunha acreditación para traballar.

Desde o 20 de outubro de 2007, o recoñecemento das cualificacións profesionais permite que o beneficiario poida acceder, no Estado membro de acollida, á profesión para a que estea cualificado e exercela nas mesmas condicións que os nacionais do dito Estado membro cando neste último estea regulada.

Cara ao vindeiro ano vaise incorporar información relativa a código nacional de ocupacións (CNO) datos de contratación e demandas de emprego relativas as profesións reguladas



ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS

SOCORRISTA

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

NORMATIVA

- **Decreto 35/2017**, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- **Decreto 104/2012**, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

Para o exercicio profesional do socorrismo acuático na Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario que o/a profesional solicite a inscrición no correspondente Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, presentando a preceptiva declaración responsable, e que dispoña da correspondente habilitación profesional.

Este libro está dispoñible na WEB da Consellería no seguinte enlace:

https://ficheiros-web.xunta.gal/cei/Biblioteca/Documentos/Publicacions/IGCualificacions/formacion_outros/profesi-ns-reguladas-xuno-2021.pdf

Novidade

A **GUÍA DE OCUPACIÓNS** relaciona unha serie de ocupacións con boas **PERSPECTIVAS DE EMPREGO** en Galicia segundo os resultados dos indicadores manexados dende o Observatorio de Empleo.

A guía xorde como un instrumento dirixido á **ORIENTACIÓN LABORAL** e proporciona unha serie de posibles itinerarios profesionais diversos, tanto pola súa natureza, como polo nivel de cualificación esixida.

Emprego Orientación Continuidade

Es característico de **CONTINUIDADE** polo que, en próximas edicións, temos en conta a evolución do emprego xerado en Galicia e as novas características dos traballos do futuro



Un total de **37 ocupacións** recomendadas atendendo á información rexistrada no último quinquenio (2015-2020).

Os perfís seleccionados amosan unha gran variabilidade, tanto pola súa vinculación sectorial como polos requirimentos de cualificación no seu desempeño:

- Sanidade e servizos sociais
- Enxeñaría e informática
- Actividades industriais
- Agrogandeiro e forestal
- Loxística e transportes ...

A MULLER NO MERCADO DE TRABALLO: IDICADORES DO EMPREGO FEMININO

O Observatorio de Emprego ten, entre outras funcións a realización de estudos e informes para achegar información sobre o mercado de traballo, analizando diferentes variables e o seu comportamento segundo os diferentes sectores da poboación. No marco destas funcións elaborouse en marzo de 2021 un informe sobre *A muller no mercado de traballo: indicadores do emprego feminino*.

O informe estrutúrase nunha serie de puntos con información desagregada.

Indicadores do emprego feminino

Indicadores de calidade do emprego
feminino

A muller con discapacidade no
mercado de traballo

Ocupacións das mulleres estranxeiras



Análise do mercado laboral COVID-19


A aparición dunha nova realidade, provocada pola irrupción dun virus descoñecido, supuxo a alteración mundial, non só do entorno sanitario, senón tamén das estruturas sociais e económicas; por este motivo, cómpre realizar un estudo da situación derivada desta crise global, comenzando por definir a alerta sanitaria que modificou o noso modo de vida

As consecuencias sanitarias e económicas do virus en España obrigaron a tomar decisións urxentes que están a repercutir, de xeito inmediato, no mercado laboral e nos distintos sectores económicos. Tralo primeiro impacto do coronavirus, as administracións, as empresas e os traballadores tivéronse que reubicar no novo contexto económico e social.

Neste contexto global, o Observatorio de Emprego iniciou unha nova liña de traballos enfocados na observación da evolución do emprego e as consecuencias sociolaborais nos distintos sectores tralo estado de alarma pola COVID-19. As variables obxecto dos informes aparecen agrupadas en cinco grandes bloques de análise:

- Demandantes de emprego parados e non parados.
- ERTes.
- Empresas
- Afiliacións fin de mes por actividade económica. Destrución e creación de emprego polo efecto da crise sanitaria.
- Persoas contratadas por grupo ocupacional. Análise ocupacional dos empregos máis afectados pola COVID.


A análise conxunta de todos estes apartados teñen como obxectivo ofrecer unha visión completa e integrada dos efectos da COVID no mercado de traballo galego, obtendo unha serie de conclusións que axuden a entender os efectos da pandemia dentro da denominada nova normalidade




Febreiro
2021

COMPARATIVA GALICIA - ESPAÑA


Paro rexistrado (variación anual)



Recuperación de emprego maio 2020 e febreiro 2021



Porcentaxe de traballadores que saíron dun ERTE



Empresas inscritas na Seguridade Social (variación anual)

